

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DE MEMORIA

XANEIRO 2021



1. Lee o seguinte texto e, a continuación, responde ás preguntas procurando non mirar o texto. En caso de dúbida, volve a ler a parte que non lembres.

Xosé Antón Xil Ríos, coñecido artisticamente como Xil Ríos, naceu en Moaña en 1948, no seo dunha familia mariñeira. Ademais da vertente musical, traballou como hostaleiro na súa localidade natal e mesmo xogou o fútbol e chegou a presidir o Moaña F.C.

Comezou a súa traxectoria musical en 1971 no Festival Dorna de Vigo onde quedou segundo, co tema “Un anaco de pan”. O seu primeiro sinxelo estreouse no Festival do Viño do Condado de 1972. Nel destaca o tema “Nosa Galicia”, no que trata o problema da emigración. Tralo éxito deste tema, a primeira canción que el compuxo, foi bautizado polo escritor galego Xosé María Castroviejo como rapsoda de Moaña.

Outro tema salientábel é “Aos meus amigos”, que foi vetado na televisión española durante o franquismo debido a súa temática reivindicativa dos dereitos mariñeiros.

No ano 1973 gañou o Primeiro Premio e o Premio da Crítica no Festival do Miño. Cómpre destacar o contido social e crítico das letras de Xil Ríos, que é contemporáneo doutros autores como Voces Ceibes.

No ano 2004 publica o disco “Vai e vén”, que constitúe o seu maior achegamento ao folk. Nel colaboran artistas como Xosé Manuel Budiño, Susana Seivane ou Uxía Senlle.

2. ASOCIACIÓN: escribe 15 obxectos que se podan atopar nunha cociña.

Exemplos: prato, frigorífico, mesa, ...

3. LINGUAXE. Escribe o máximo número de nomes de persoa, masculinos e femininos, que comecen pola letra M.

Exemplos: María, Manuel, ...

4. MEMORIA DE TRABAJO. Lee con atención as seguintes listas de palabras dúas veces e a continuación escribe (sen volver mirar as listas) tódalas palabras que recordes.

LISTA 1, son 7 idiomas diferentes: **GALEGO, ITALIANO, INGLÉS, ALEMÁN, SUECO, FRANCÉS e MANDARÍN.**

Escribe agora as que lembres.

LISTA 2, son 6 palabras aleatorias: **HÉRCULES, GARABATA, LINGUAXE, UN, ALUGUER e SITIO.**

Escribe agora as palabras que recordes.

5. **MEMORIA VISUAL.** Debaixo destas liñas temos unha fotografía dos Reis Magos de Oriente durante unha visita o Concello de Fene. Observa a imaxe durante 20 segundos e trata de recordar tódolos detalles que podas para responder as cuestións a continuación.



CUESTIÓNS:

Cal é a cor da capa de Baltasar?

De que cor é o chan da fotografía?

Cantas caixas hai entre os Reis Magos?

De que cor van vestidos os nenos que se sitúan entre Gaspar e Baltasar?

Pódese ver unha árbore de Nadal de fondo?

6. ORGANIZACIÓN: memoriza as seguintes cifras:

46				22
		8		67
	3		57	

Tapa o cadro e escribe as cifras que acabas de memorizar de menor a maior.

7. **ATENCIÓN.** Escribe, nos recadros en branco, os números que faltan do 1 ao 54. Podes ir tachando os números segundo os vaias localizando. Empeza, en orde, buscando o número 1, despois o 2, o 3 ... Ata chegar a 54 atopando os cinco números que faltan.

16	10	29	20	37	6	41	3	32
35	25	38	33	28	30	17	27	13
5	47	53	44	8	23	31	52	45
42	14	40	12	50	48	4	9	1
22	34	26	43	21	2	15	39	19
49	54	18	36					

8. **MEMORIA EVOCATIVA.** Lembras as palabras que vimos no Exercicio 4? Tés que lembrar os 7 idiomas (Lista 1).

9. **SUDOKUS.** Completa os seguintes Sudokus sen repetir ningún número na mesma fila, columna ou cadrado poñendo os números que faltan do 1 ao 6.

2				3	
		4	2	6	
	5	3	1		
	4		6		3
3	6	1	4		5
				1	

Para resolver o seguinte, hai que seguir o mesmo método pero cos números do 1 ao 9.

	9	8	6	7		4		5
	3	6	5	4	8			2
		4			9	6	8	
2								
	1	7	2		4	8	5	9
		9						
4	7				5			
						5	2	4
	5	2	4		6		7	1

10. **MICRORRELATO.** Fai un relato curto (máximo 100 palabras) cas palabras que se presentan a continuación. Escribe o que queiras, pero procura que sexan máximo 100 palabras e que, entre esas 100 estean estas catro. Se queres, podes enviar o teu microrrelato ao correo electrónico servizos.sociais@fene.gal ou ben entregalo nos Servizos Sociais do Concello.

MUSEO

RAPOSO

ENCARGADA

AMOR

SOLUCIÓNS:

EXERCICIO 1

1. 1948.
2. Xosé Antón Xil Ríos.
3. Moaña.
4. Cantante, hostaleiro e futbolista/presidente.
5. "Aos meus amigos".
6. Mariñeira.

EXERCICIO 5

1. Vermella.
2. Azul.
3. 2.
4. Azul e branco.
5. Si.

EXERCICIO 6

3 8 22 46 57 67

EXERCICIO 7

7 11 24 46 51

EXERCICIO 9

2	1	6	5	3	4
5	3	4	2	6	1
6	5	3	1	4	2
1	4	2	6	5	3
3	6	1	4	2	5
4	2	5	3	1	6

1	9	8	6	7	2	4	3	5
7	3	6	5	4	8	1	9	2
5	2	4	3	1	9	6	8	7
2	4	5	8	9	3	7	1	6
3	1	7	2	6	4	8	5	9
6	8	9	7	5	1	2	4	3
4	7	1	9	2	5	3	6	8
9	6	3	1	8	7	5	2	4
8	5	2	4	3	6	9	7	1